

Atmosfera fantástica

Habitación 202 é o título da novela que lle deu a Concha Blanco o Premio Novela por Entregas 2007 de La Voz de Galicia. A novela artellada en 31 capítulos, que daquela foran as 31 entregas, é unha historia de intriga e misterio con trazos sobrenaturais que engancha a quen le, xa que consegue crear un ambiente enigmático ategado de segredos para o que se vale dun licenciado en xornalismo que recibe visitas dun ser do alén.

As aparicións e as premonicións, características das novelas de terror, ocupan un lugar moi salientable na obra porque a partir delas a autora vai deseñando as secuencias temporais en que se desenvolve esta. Así xa no comezo, no velatorio da súa nai, o rapaz escoita voces saíndo de ningures que comezan intranquilizalo. Este desacougo unido ás premonicións da súa criada fará que desconfíe do que realmente acontece. Nun principio amósase escéptico mais co tempo acaba caendo nesa espiral de fenómenos paranormais que semellan querer dicirle algo importante.

E realmente era así. Pois cando acepta finalmente o que vén do alén descobre un segredo familiar importante, que parecía querer saír á luz para que os seus

Dacabalo co terror



PAULA FERNÁNDEZ

pais, mamá Dosinda e papá Aurelio que o adoptaran cando era un meniño, poidan descansar xa tranquilos despois de mortos. Este des-

c u -

brimento á beira do encontro cunha antiga moza da facultade obrigan ao protagonista a escudar no seu interior, e a converter a obra nunha novela de aprendizaxe con personaxes redondos, intranquilos por moitos dos acontecementos que lles tocou vivir nas súas complexas vidas.

Os espazos, descritos con breves pinceladas e os personaxes pouco caracterizados, axudados polo texto sinxelo mais solemne nos diferentes puntos de tensión, que se presentan estratexicamente colocados grazas ao dinamismo que proporciona a brevidade dos capítulos, conseguen sorprendentemente esa atmosfera fantástica, por veces terrible que recrea escenas dignas do cine de terror.

A autora, recoñecida polo seu traballo na literatura infantil e xuvenil galega, vén ampliar o corpus literario da novela de suspense, un suspense que está dacabalo co terror, e que se ben en Galicia conta cun referente ineludible como *Cartas de inverno*, de Agustín Fernández Paz, o certo é que non resulta ser dos máis escollidos polos nosos autores.



BLANCO, Concha, Habitación 202 (Ilustr. Suso Cubeiro) Ed. Everest Galicia. A Coruña, 2009. 138 páxinas